

PROGRAMACIÓN DE REPENTIZACIÓN E ACOMPañAMENTO

CONTEXTUALIZACIÓN:

A lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, incide especialmente nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar aos alumnos unha formación artística de calidade. O Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A materia repentización e acompañamento non se recolle neste Real Decreto como materia de aspectos básicos aínda que si a recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música específico para a comunidade autónoma de Galicia.

Segundo o referido Decreto, a materia de Repentización e Acompañamento consta de un tempo lectivo variable dependendo da especialidade. Así, nas especialidades de guitarra, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, baixo eléctrico e guitarra eléctrica, ten unha duración de 0,5 horas (semanal) en 5º e 6º do grao profesional, mentres que nas especialidades de acordeón, clave, órgano e piano supón unha duración dunha hora (semanal) en 4º, 5º e 6º cursos das Ensinanzas Profesionais.

INTRODUCCIÓN

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios. O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (a lectura á primeira vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo.

Ámbolos aspectos, o funcional e o formativo, son indisolubles e complementarios, xa que logo, nos contidos básicos desta disciplina débese conceder un lugar prioritario aos procedementos ou modos de saber facer, que aínda que resultan de natureza diversa, artículanse en torno a tres eixes principais: unha certa **destreza na técnica de execución**, ou, o que vén a ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ao longo dos anos iniciais da educación instrumental e que a repentinización e o acompañamento veñen a potenciar; plena **comprensión dos coñecementos harmónicos** previamente adquiridos e a **capacidade creativa** para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do **pensamento harmónico** e da capacidade de **realización en tempo real**, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos **bloques de contidos** os seguintes campos de coñecementos:

- Práctica da **repentización** como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que permitan ao instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ao propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e estilo a que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se lee a obra. Por iso, a repentización está estreitamente relacionada coa análise, o que, á vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.
- Destreza na **transposición** como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista fundamentalmente na música vocal, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ao cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.
- Realización de **cifrados** (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por esixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do grao superior.

Os contidos da repentización e acompañamento nas Ensinanzas Profesionais foron establecidos non só polo seu valor de preparación para coñecementos que poidan adquirirse en cursos posteriores dentro dunha elección propia de especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, mantéñense dentro do marco de coñecementos considerados indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

I OBXECTIVOS

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

II CONTIDOS

Repentización

- A lectura á vista e a súa aplicación práctica.
- Introducción á lectura harmónica.
- Análise harmónico-formal, melódico-rítmico aplicado á repentización.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.
- Práctica do piano a catro mans.

Transposición

- O transporte na música actual.
- O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.
- Transporte tradicional (cambio de claves, armaduras, diferenzas). Utilidade.
- Os instrumentos transpositores.
- Lectura e transporte harmónico de partituras.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.

Cifrado

- Baixo cifrado.
- Aproximación ao cifrado harmónico.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.
- Introducción ao cifrado americano.
- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música "lixreira".
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

III CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CA1 - Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para o instrumento. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que a mesma foi sometida polo compositor para a realización da obra.

CA2 - Realización práctica de estruturas de catro ou oito compases, semicadencial ou de cadencia perfecta. Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental esquemas harmónicos cadenciais de duración breve empregando acordes en estado fundamental e partindo, como modelo de traballo, da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, nos que os devanditos esquemas eran paradigmáticos.

CA3 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando inversións dos acordes básicos. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental, a partir da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, esquemas harmónicos nos que poida apreciarse a súa progresiva asimilación das posibilidades expresivas das distintas inversións dos acordes empregados.

CA4 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, empregando inversións dos acordes básicos, utilizando diferentes formulacións rítmicas. A finalidade deste criterio é avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos que se empreguen inversións dos acordes básicos, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

CA5 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para enriquecer a realización dos diferentes esquemas harmónicos por medio da introdución de apoios e retardos, dado o seu alto contido harmónico.

CA6 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos, utilizando diferentes formulacións rítmicas. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos que se introduzan apoios e retardos que

modifiquen, enriquecéndoa , a estrutura básica, dado o seu alto significado harmónico, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

CA7 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso. Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade do alumnado para realizar estruturas harmónicas evolucionadas, por medio da introdución de dominantes secundarias ou de paso que enriquezan e amplíen o campo tonal das mesmas.

CA8 - Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso, e utilizando diferentes formulacións rítmicas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos dunha proposta tonal enriquecida mediante a introdución de dominantes secundarias ou de paso, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

CA9 - Superposición a unha estrutura harmónica de catro ou oito compases, dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta-resposta. Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para crear, a partir de esquemas harmónicos dados, diferentes estruturas melódicas consecuentes aos mesmos, así como a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta-resposta.

CA10 - Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de oito compases na que se inclúan inversións de acordes. Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado do dominio por igual de todas as tonalidades, non tanto por medio da complexidade resultante dun transporte nota-a-nota, coa conseguinte lectura en diferentes claves e armaduras, como da transposición a distintos intervalos de diferentes estruturas harmónicas, idénticas en todas elas.

CA11 - Realización no instrumento dunha estrutura harmónica de oito compases, previamente escrita, nunha tonalidade concreta. Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para interpretar unha estrutura harmónica previamente composta e escrita por el mesmo, así como avaliar o grao de adquisición dunha técnica básica, tanto escrita como práctica.

CA12 - Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para o instrumento. Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.

CA13 - Realización, cun ritmo básico, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na que só aparezan a melodía e o cifrado americano. Mediante este criterio de avaliación trátase de avaliar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para dar forma instrumental a través da descodificación do cifrado da súa harmonización, segundo sistema americano, así como o coñecemento deste e a soltura no seu manexo.

CA14 - Realización, cun ritmo básico e incluíndo a melodía, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na que só aparezan a melodía e o cifrado americano. Mediante este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado non só na elaboración dun acompañamento a partir da descodificación dun cifrado de tipo americano, senón tamén de executar a melodía de forma simultánea.

CA15 - Lectura de corais a catro claves. Mediante este criterio de avaliación trátase de valorar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para ler en varias claves simultaneamente, práctica propedéutica para a lectura de cuartetos e outras formacións camerísticas así como de partituras orquestrais.

CA16 - Lectura de cuartetos de corda, especialmente, e doutras formacións de música de cámara. Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a destreza do alumno para ler partituras camerísticas adaptándoas as peculiaridades e características propias do piano.

CA17 - Iniciación na lectura de partituras orquestrais.- Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a capacidade do alumno e alumna para ler fragmentos de partituras sinxelas de orquestra nas que interveña un ou varios instrumentos transpositores, adaptándoas as peculiaridades e características propias do instrumento.

PRIMEIRO CURSO REPA (4º Ensinanzas Profesionais)

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras dun nivel axeitado ao do alumnado. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Introducción á lectura harmónica.

Transposición.

- O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade.

Baixo cifrado.

- Aproximación ao cifrado harmónico.
- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores en estado fundamental e en primeira inversión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista de obras de acordo ao nivel do alumnado.
- Realización dun cifrado armónico con contido de tríades maiores e menores, en estado fundamental e en primeira inversión.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Análise de frases-modelo de diferentes tipos.

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras dun nivel axeitado ao do alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Introducción á lectura harmónica.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de quinta e cuarta xustas ascendentes e descendentes.

Baixo cifrado.

- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas en estado fundamental e en primeira inversión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Lectura a primeira vista dunha obra acordo co nivel do alumno.
- Lectura harmónica.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de segundas maiores ascendentes e descendentes.
- Realización dun cifrado harmónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en estado fundamental e en primeira inversión.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras axeitadas ao nivel do alumno.
No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Introducción á lectura harmónica.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.

Baixo cifrado.

- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas en todas as inversións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista de obras axeitadas ao nivel do alumnado.
- Lectura harmónica cun nivel similar ás traballadas no trimestre.

- Transportar un fragmento breve a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.
- Realización dun cifrado harmónico con contido de tríadas maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todas as inversións.

SEGUNDO CURSO REPA (5º Ensinanzas Profesionais)

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras axeitadas ao nivel do alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Introducción á lectura harmónica.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de terceiras maiores ascendentes e descendentes.

Baixo cifrado.

- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas en todas as inversión e acordes de sétima dominante en estado fundamental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista dunha obra axeitada ao nivel.
- Lectura harmónica.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de terceiras maiores ascendentes e descendentes.
- Realización dun cifrado armónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todas as inversión e acordes de sétima dominante en estado fundamental.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras axeitadas ao nivel do alumno.
No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Introducción á lectura harmónica.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.

Baixo cifrado.

- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas e acordes de sétima dominante en todas as inversións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado para o alumno.
- Lectura harmónica.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.
- Realización dun cifrado armónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas e acordes de sétima dominante en todas as inversións.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras adaptadas ao nivel do alumno.
No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de segundas e terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.

Baixo cifrado.

- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música "lixreira".
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado para o alumno.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de segundas e terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.
- Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

TERCEIRO CURSO REPA (6º Ensinanzas Profesionais)

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras axeitadas para o nivel do alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.

Transposición.

- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.

Baixo cifrado.

- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista dunha obra adaptada ao nivel do alumno.
- Transportar un fragmento breve a calquera tonalidade.
- Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras adaptadas ao nivel de cada alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.

Transposición.

- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.
- Os instrumentos transpositores.

Baixo cifrado.

- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista dunha obra adaptada ao nivel do alumno.
- Realización dun exercicio práctico relacionado cos instrumentos transpositores.

- Realización dunha estrutura harmónica libre dunha extensión de dezaseis compases.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Repentización.

- Lectura á vista e a súa aplicación práctica de obras adaptadas ao nivel de cada alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- Iniciación á lectura de partituras de conxunto.

Transposición.

- Lectura e transporte harmónico de partituras.

Baixo cifrado.

- Introducción ao cifrado americano.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado para o alumno.
- Realización dun transporte harmónico dun nivel similar aos traballados na clase.
- Lectura dun fragmento dunha partitura de conxunto similar ás traballadas en clase.
- Realización dunha estrutura harmónica libre dunha extensión de dezaseis compases.

IV METODOLOXÍA

A metodoloxía a emplear nesta etapa xira ao redor de diferentes enfoques, tales como o **método por proxectos**, que presenta ao alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas dun xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias. O alumnado partirá de globalizar, é dicir, de ter en conta todos os datos coñecidos (e que proveñen de distintas materias, incluso de diferentes niveis educativos, e dos seus propias coñecementos) con vistas a confrontalos para encontrar a mellor solución posible. Polo tanto, non se proporcionan directamente os coñecementos, se non que se lles ensina a manexar os que xa posúen para que poidan descubrir, coa axuda do profesorado, outras cousas.

A **aprendizaxe por descubrimento** é un método co que alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e rexistro de información, construíndo deste xeito o seu propio aprendizaxe. Á vez, o método científico parte da presentación do problema, seguido da formulación dunha hipótese, proba a través dun experimento, introdución das conclusións na teoría inicial e reaxuste da hipótese. Este último ten gran incidencia nestas ensinanzas debido á continua interacción práctica-teoría, o que unido ao desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, precisa dunha base empírica.

A **aprendizaxe significativa** parte dos coñecementos previos do alumnado e a continuación se desenvolven contidos de forma estruturada e coherente de xeito que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender. Esta aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente.

Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que estase a estudar no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoien a adquisición de aprendizaxes en cada momento.

Salientar, asemade, a importancia de promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

RECURSOS DIDACTICOS

Recursos espaciais

- A aula.
- Exteriores da aula onde se puideran desenvolver actividades relacionadas coa materia tales como teatros, salas de concertos, etc...

Recursos materiais.

- Material didáctico da aula de repentización e acompañamento.
- Medios audiovisuais.

Recursos personais.

- Profesorado.
- Alumnado.
- Pais, nais ou titores.
- Persoas da comunidade educativa.

Recursos de organización.

- Recursos da aula. Serán flexibles adaptándose ás actividades que estean realizando.
- Recursos do profesorado: Existirá una coordinación entre o profesorado das distintas materias do alumnado. Así, levaranse a cabo reunións para a unificación de criterios. Igualmente importante será a relación cos pais, nais ou titores do alumnado.
- Recursos do alumnado.
- Recursos do tempo. A organización temporal adaptarase a unha hora semanal.

V AVALIACIÓN

A concepción da avaliación está en relación directa coa calidade do noso traballo coma docentes. Avaliar supón facer un seguimento puntual e riguroso do proceso de ensinanza – aprendizaxe, tratando de valorar adecuadamente os logros, reflexionando os medios postos para a súa consecución. Buscando tamén detectar inmediatamente os erros para corrixilos no momento e reconducir a situación; analizando que foi o que motivou o erro para non incorrer de novo nel. Supón un cambio de mentalidade moi notable pasar do concepto de exame ao de avaliación. A avaliación é un coidadoso proceso presidido por dous termos ineludibles: observación e reflexión. Observación diaria con recollida precisa de datos que impidan o esquecemento e a confusión do traballo de cada alumno/a, a súa evolución, a súa actitude ante a materia; os seus avances respecto a posición anteriores, erros ou estancamentos que poideran plantexarse. Afrontar os problemas inmediatamente despois de orixinarse, reflexionando como facelo e compartindo co alumnado as nosas observacións, facéndoo partícipe e corresponsable da súa formación, impedirá perder o tempo que media entre o momento en que o erro se introduce nunha liña de comprensión e aquel –que pode ser moi distanciada no tempo- no que o detectamos. Neste proceso de reflexión non avaliamos soamente o comportamento do alumnado senón tamén os procedementos que nós utilizamos, a idoneidade da programación, a precisión das nosas valoracións iniciais sobre cada alumno/a, etc. É dicir, que avaliamos todos e cada un dos aspectos da tarefa, con implicación de todos os protagonistas e coas circunstancias e variables que operan nela.

A valoración por parte do alumnado do seu propio traballo é un elemento formativo de primeira orde. A avaliación require uns procesos nos que existirá ineludiblemente un referente, para comparar e contrastar o nivel do alumnado co que consideramos idóneo,

adecuado ou suficiente para falar de acadar unha determinada formación. Este referente é o obxectivo que nos propuxemos adaptado a cada nivel de coñecemento.

Marcar un obxectivo supón coñecer a potencialidade formativa de dito obxectivo, a necesidade da súa adquisición por parte do alumnado e o nivel –secuenciación– que depende da altura académica na que o alumnado se encontre. Coñecer a potencialidade dun obxectivo supón, á súa vez, coñecer as razóns da importancia que lle adxudicamos, que pode ser en múltiples vías. Saber o grao de consecución dun obxectivo supón coñecer o punto de partida dese alumnado, apreciar os seus avances ou dificultades e o que facilitou uns ou, no seu caso, motivado outros. Supón analizar os procedementos que puxemos para os fins propostos. Autovalorar o que foi positivo e o que non, en ambos casos para afianzar ou corrixir. En definitiva alude a una toma de consciencia rigorosa na que non só sae beneficiado o alumnado senón perfeccionado o profesorado.

Un dos recursos de que debemos dotarnos para facer un seguimento puntual da evolución do alumnado son os chamados “instrumentos de avaliación”, é dicir, aqueles cadernos, diarios, anotacións, que nos permitirán apoiar a nosa memoria á hora de xulgar. As formas poden ser varias tal como nos manuais de avaliación se describen en detalle pero, en todo caso, deben axustarse as nosas necesidades. Buscar os “mediadores” adecuados ao aspecto que xulgamos é outra das capacidades docentes que se nos require. Esta é unha tarefa que implica decisións tomadas por todo o profesorado da materia. Xa que logo, o Departamento de Piano establece as diferentes partes que compoñen a materia de repentización e acompañamento suporán a media da nota da materia, tendo en conta que **o alumnado deberá obter a cualificación de cinco en cada unha das partes anteriormente referidas.**

VI ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.

Alumnado extranxeiro

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudos, nalgúns casos extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). O principio de integración para por cuidar as actividades presentadas, intentando aproveitar os coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país...). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media. No Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelectualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para o alumnado superdotado intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para una faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega o seu máximo nivel de acción ó tratar discentes con necesidades educativas especiais. Este perfil de alumnado son persoas que presentan algún tipo de diversidade funcional, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como a necesidade de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de intérpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeto non responderá de xeito igual aos estímulos musicais que o individuo plenamente capacitado. Nada mais lonxe da verdade, xa que como facultade humana a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero, ademais, no alumando discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou auto estimulación), ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

VII ACCESOS.

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento ou coa voz, de **tres obras de diferentes estilos**, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das que, como mínimo, **unha deberá interpretarse de memoria**. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A materia de repentización e acompañamento intégrase neste exercicio. A tal fin, os contidos da proba desta materia serán os seguintes:

- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado ao alumno. Análise oral dos elementos substanciais da obra.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.
- -Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As diferentes partes que compoñen a materia de repentización e acompañamento suporán a media da nota na proba de acceso xunto co resto de materias teórico-prácticas, tendo en conta que o alumnado deberá obter a cualificación de cinco en cada unha das partes anteriormente referidas.

A puntuación definitiva da proba citada nos apartados anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios (a interpretación no instrumento principal e a proba teórico-práctica). Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fora convocada.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias á persoa interesada) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignaturas do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se a persoa solicitante acadara unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto

VIII BIBLIOGRAFÍA.

- Ejercicios de acompañamiento. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
- Teoría y práctica del bajo cifrado. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
- Cuadernos de lectura a primera vista. Ángel Barja. Unión Musical española.
- Improvisación al piano volúmenes -4. Emilio Molina. Editorial Real Musical.
- Método de transposición. Doupond. Editorial Boileau.
- Tratado de acompañamiento. Camilo Williart. Editorial Real Musical.

IX ANEXOS

Avaliación Ordinaria	Puntuacións:				
Grao Profesional	0-2,9	3-4,9	5-6,9	7-8,9	9-10
Lectura a primeira vista 30% (Repentización)	0 - 0,87	0,88 - 1,47	1,48 - 2,07	2,08 - 2,67	2,68 - 3
Análise e realización 25% harmónica	0 - 0,72	0,73 - 1,22	1,23 - 1,72	1,73 - 2,22	2,23 - 2,5
Transposición 15%	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Cifrado e 15% acompañamento	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Creatividade 15% /improvisación	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5

Total:

Avaliación Extraordinaria	Puntuacións:				
Grao Profesional	0-2,9	3-4,9	5-6,9	7-8,9	9-10
Lectura a primeira vista 30% (Repentización)	0 - 0,87	0,88 - 1,47	1,48 - 2,07	2,08 - 2,67	2,68 - 3
Análise e realización 25% harmónica	0 - 0,72	0,73 - 1,22	1,23 - 1,72	1,73 - 2,22	2,23 - 2,5
Transposición 15%	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Cifrado e 15% acompañamento	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Creatividade 15% /improvisación	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5

Total:

Probas de acceso	Puntuacións:				
Grao Profesional	0-2,9	3-4,9	5-6,9	7-8,9	9-10
Lectura a primeira vista 30% (Repentización)	0 - 0,87	0,88 - 1,47	1,48 - 2,07	2,08 - 2,67	2,68 - 3
Análise e realización 25% harmónica	0 - 0,72	0,73 - 1,22	1,23 - 1,72	1,73 - 2,22	2,23 - 2,5
Transposición 15%	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Cifrado e 15% acompañamento	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5
Creatividade 15% /improvisación	0 - 0,43	0,44 - 0,73	0,74 - 1,03	1,04 - 1,33	1,34 - 1,5

Total: